

CERTAME DE MICRORRELATOS DE MEDO 2021

BASES

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI DO TOURAL, co propósito de fomentar a creatividade e estimular o uso da lingua galega na actividade literaria do alumnado, convoca o **I CERTAME DE MICRORRELATOS DE MEDO**.

1.Participantes

O certame diríxese ao alumnado do centro, distribuído nas seguintes categorías:

- a) Alumnado de 3º e 4º de Primaria.
- b) Alumnado de 5º e 6º de Primaria.
- c) Alumnado de 1º e 2º ESO.
- d) Alumnado de 3º e 4º ESO.

2. Obras

A temática do microrrelato versará sobre historias de medo.

Cada persoa autora só poderá presentar unha obra que deberá estar escrita en lingua galega e terá un máximo de 200 palabras, incluído o título. Será orixinal e inédita, isto é, non debe ter sido publicada en ningún medio ou soporte anteriormente.

Os traballos premiados poderán ser utilizados polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI DO TOURAL en posibles publicacións que poidan resultar de interese para este. En ningún caso se cederán a terceiros, salvo autorización expresa do autor.

3. Presentación

En Secundaria, o microrrelato presentarase en folio Din A4 escrito con letra Arial ou Times New Roman, de tamaño 12 puntos. En Primaria pódese presentar o microrrelato en folio escrito a man ou ordenador. En ambos casos deben constar, xunto o relato, o nome e apelidos do autor/a e o curso e grupo ao que pertence.

O prazo de recepción das obras finalizará para o alumnado de educación primaria o **2/11/2021** e para educación secundaria o **20/10/2021** e serán entregadas aos titores de Primaria e aos profesores de Lingua Galega e Literatura de Secundaria.

4.Xurado

O xurado (constituído por profesorado do centro) dará a coñecer ás persoas premiadas na súa aula de referencia e a través das redes sociais do Equipo de Dinamización da Lingua Galega: instagram **@edlgdotoural** e facebook **O Toural en galego**.

5.Premios

Establécese un premio, por valor de 20 euros, para o mellor relato en cada categoría.